

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 22/02/2021**  
**(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

Lista de non asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 22/02/2021 reuníronse no Salón de plenos, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 15 de febreiro de 2021, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2021/0522**

Dáse conta do acordo plenario de 26-09-2019 sobre o impulso da mobilidade a pé e incorporación de Vilagarcía de Arousa, á Rede de Cidades que Camiñan. Vista a comunicación rebidida pola Asociación Red de Cidades que Caminan.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicar:

- No ano 2020 o Concello de Vilagarcía non figuraba adherido á rede, polo que non procede o pago da cota correspondente a ese ano.
- En canto ao pago da cota do 2021 deberán indicarnos o importe para proceder ao seu aboamento.
- As instrucións, para dar de alta ó Concello como terceiro nos ficheiros contables da Asociación serán remitidas polo departamento de Intervención.

### **PRP2021/0524**

Dáse conta do acordo da Dirección General de la Costa y el Mar, outorgando ao Concello a concesión de ocupación de 1.865,52 m<sup>2</sup> de dominio público marítimo terrestre con destino a paseo marítimo e carril bici xunto á praia de Canelas, nas rúas Valle Inclán e Vitor Pita. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2021/0526**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Reformas Trebol, S.L. para reparación de tellado con cambio de uralita no Ceip Faxilde-Vilaxoán, por un importe de 3.448,50€ (IVE incluído), con cargo á partida 320-212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2021/0557**

Vista a proposta do servizo de Parques e Xardíns , a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Remol-Car Juan Barreiro S.L. para reparación de remolque do servizo, por un importe de 1.149,50€ (IVE incluído), con cargo á partida 171-213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**RECURSOS HUMANOS****PRP2021/0549**

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de xaneiro de 2021, por un importe total de 5.480,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Nº sesións Plenos e XGL	DIETAS PLENOS e XsGL	Nº sesións Comisións informativas	DIETAS INFORMATIVAS COMISIÓNS	TOTAL EUROS
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	5	x 130,00 €	1	x 110,00 €	760,00
Dª LUZ Mª ABALO PEREZ	5	x 130,00 €	1	x 110,00 €	760,00
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	5	x 130,00 €	1	x 110,00 €	760,00
D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO	3	x 130,00 €	1	x 110,00 €	500,00
Dª MATILDE LAYA LORENZO	5	x 130,00 €	1	x 110,00 €	760,00
Dª ANA Mª GRANJA GUILLAN	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. MANUEL MÉNDEZ VARELA	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. JUAN MARCOS ALCALDE VÁZQUEZ	1	x 130,00 €	---	x 110,00 €	130,00
Dª YOLANDA BOVEDA DIAZ	1	x 130,00 €	---	x 110,00 €	130,00
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
Dª LUCÍA CÉSAR BELOSO	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. JESUS LOPEZ RODRIGUEZ	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
Dª Mª DE LA O FERNANDEZ GONZALEZ	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
TOTAL					5.480,00

**PRP2021/0556**

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 8.100,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 31 de xaneiro de 2021, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xuño de 2019, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 3.900,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 1.800,00€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, por un importe total de 600,00 €.
- Grupo Municipal de Podemos-Marea da Vila, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Ciudadanos, por un importe total de 600,00 €

**BENESTAR SOCIAL****BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2021/0542**

Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar coa relación de nenos asistentes á Escola Infantil Municipal con dereito a subvención, e relación motivada dos nenos admitidos sen dereito a subvención, para a aprobación do pago da cantidade correspondente ó mes de febreiro de 2021, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigación a favor de Bonecos Vilagarcía, S.L., polo importe de 29.905,66 € con cargo á partida 323.48007.

### **EMPREGO**

#### **PRP2021/0511**

Dáse conta de Resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra - Sede Vigo, Servizo de Orientación e Promoción Laboral, Sección Obradoiros de Emprego que modifica a resolución administrativa de 9 de agosto de 2019 de concesión de axuda para a realización do proxecto de obradoiro de emprego denominado "O.E. Labora Xove 2019", por importe de 180.021,28€. Con posterioridade, con data do 29 de maio de 2020 incrementouse esa cantidade en 2.768,73€ para facer fronte ao incremento do SMI dos alumnos traballadores, e con data 24-11-2020 incrementouse novamente esa cantidade inicial en 110.689,51 para satisfacer os gastos orixinados durante a situación de pandemia polo COVID 19.

Unha vez comprobada a liquidación do expediente, conséntase que o importe xustificable é de 162.622,78€ en concepto de gastos xustificables ao FSE e un importe de 94.162,05€ con cargo a fondos finalistas (2.086,38€ de incremento do SMI e 92.075,67€ do período de suspensión). Polo que se reduce a contía a 162.622,78€ en concepto de gastos xustificables ao FSE e un importe de 94.162,05€ con cargo a fondos finalistas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2021/0512**

Dáse conta de Resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra - Sede Vigo, Servizo de Orientación e Promoción Laboral, Sección Obradoiros de Emprego que modifica a resolución administrativa de 21 de setembro de 2018 de concesión de axuda para a posta en marcha do Obradoiro de Emprego FORME 18, por importe de 288.807,00€. Con posterioridade e coa finalidade de facer fronte ao incremento do SMI para o 2019 incrementouse por resolución de data 09/07/2019 esa cantidade en 28.615,93€ quedando o importe total da subvención en 317.422,93€

Unha vez comprobada a liquidación do expediente, en materia de incentivos á contratación conséntase que o importe xustificable é de 306.845,73€, polo que a Xefatura Territorial da Consellería acorda modificar a resolución administrativa do 21/09/2018 de concesión da axuda no senso de reducir a contía a 306.845,73€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2021/0513**

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica Área de Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a substitución dun traballador en prácticas titulado en maxisterio especialidade de Educación Primaria, do programa da Deputación Provincial Fomento da Empregabilidade na Provincia de Pontevedra "O Teu Primeiro Emprego, por renuncia do mesmo á prórroga do contrato.

Acórdase así mesmo iniciar o novo procedemento de selección de novo traballador/a, segundo as bases do programa (base 14.6) "O Teu Primeiro Emprego", coa presentación de oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia, e de non existir persoas candidatas que cumpran os requisitos esixidos na convocatoria, facer unha convocatoria pública mediante anuncio.

#### **PRP2021/0543**

Dáse conta do escrito de modificación da resolución inicial de concesión de Obradoiro de Emprego de garantía xuvenil do ano 2020, remitido pola Xefatura territorial de Pontevedra.

Modifícase a resolución e data 17 de novembro de 2020, no senso de introducir na mesma os

importes asignados a cada unha das anualidades do proxecto Laboral Xove 2020, promovido pola entidade do Concello de Vilagarcía de Arousa do seguinte xeito:

- Anualidade do ano 2020: 184.746,16€
- Anualidade do ano 2021: 184.746,16€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2021/0544**

Dáse conta do escrito de modificación da resolución inicial de concesión de Obradoiro Dual do Ano 2020 denominado "Forme 2020", remitido pola Xefatura territorial de Pontevedra.

Modifícase a resolución e data 17 de novembro de 2020, no senso de introducir na mesma os importes asignados a cada unha das anualidades do proxecto Laboral Xove 2020, promovido pola entidade do Concello de Vilagarcía de Arousa do seguinte xeito:

- Anualidade do ano 2020: 138.778,40€
- Anualidade do ano 2021: 208.167,60€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2021/0545**

Dáse conta da Resolución da Deputación Provincial, relativa ao Plan Provincial de Obras e Servizos. Plan Concellos 2021. Liña 3. Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, pola que se concede ó Concello de Vilagarcía 311.816,91€ destinados á contratación laboral de 38 traballadores/as, cunha xornada de traballo a tempo completo e por un período de 9 meses, correspondendo unha aportación municipal de 227.798,88€:

- 3 Empregados Auxiliares Administrativos en xeral.
- 12 Peóns axudantes Albaneis
- 4 Peóns Forestais
- 4 Peóns pintores/as e/ou empapeladores/as
- 4 Peóns instaladores electricistas
- 1 Peón carpinteiro/a en xeral
- 1 Peón fontaneiro/a
- 1 Peón Soldador/a para arco eléctrico en xeral
- 4 Peóns traballadores/as de Conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos
- 1 Peón Sepultureiro/a-enterrador/a.
- 1 Peón Laceiro/a recollida de animais.
- 1 Peón axudante mantedor de instalacións deportivas.
- 1 Peón condutor operador de retroescavadora.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2021/0546**

Dáse conta da Orde do 31 de decembro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras, así como a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para o ano 2021, das axudas e subvencións para obradoiros duais de emprego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia concibidos como programa de formación, práctica profesional para incentivos á contratación temporal en empresas, respectando, respectando os principios de obxectividade, igualdade, transparencia e publicidade (TR353A).

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º- Aprobar o Proxecto de Obradoiro de Emprego OE FORME 2021 baseado na realización das seguintes obras de utilidade colectiva:

- Atención sociosanitaria e axuda a domicilio segundo as distintas patoloxías a usuarios de Servizos Sociais e xestión de chamadas de teleasistencia a usuarias/os da Concellería de Muller e Seguridade Cidadá.
- Instalación eléctrica de Alumeado Público subterráneo e aéreo e instalación de sistemas domóticos e inmóticos en infraestructuras e rúas de titularidade municipal.

Para a realización destas obras o número de persoas participantes será de 20 distribuídas nos módulos antes mencionados:

-Atención sociosanitaria e teleasistencia: Certificados de profesionalidade NIVEL 2 SSCS0108 e SSCG0111

- Montaxe e manemento de redes eléctricas e sistemas domóticos e inmóticos: Certificado de profesionalidade NIVEL 1 ELEE0108 E NIVEL 2 ELEM0111

2º. Aprobar a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria da subvención correspondente de 346.946€, distribuída do seguinte xeito:

MÓDULO A	MÓDULO B	SALARIOS ALUMNOS/AS-TRAB	SEGURIDADE SOCIAL ALUMNOS/AS-TRAB	TOTAL
98.496 €	27.072 €	199.500€	21.878 €	346.946€

3º. A aprobación da dotación orzamentaria, de TRINTA MIL EUROS (30.000€) para o financiamento municipal dos custos non subvencionados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, con cargo ao orzamento municipal do Concello.

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### EDUCACIÓN

#### PRP2021/0495

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 5 de febreiro de 2021, polo que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa as seguintes subvencións, ao abeiro da do Plan concellos 2021 correspondente á Liña 2: amortización, pagamento de débedas, gastos correntes e actividades.

Obxecto	Orzamento	Subvención
GASTOS DE LIMPEZA, ASEO, E ENERXIA ELÉCTRICA DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA	19.000,00 €	18.181,00 €
GASTOS DE LIMPEZA DA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA	10.000,00 €	9.500,00 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### PRP2021/0496

Vista a proposta do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención para a IV Edición do Festival Internacional de Música Clasclas, ante a Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro das Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021 (BOP n1 4, do 4 de xaneiro de 2021), enmarcado na Base Oitava, Liña 2: Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais ou da realización de actividades culturais, sociais, deportivas, turísticas, etc..., para "Gastos derivados da celebración do IV Festival Internacional de Música Clasclás", que terá lugar entre o 26 de xuño e o 4 de xullo de 2021, polo importe de 30.500,00 €.

- Gastos de Actividades culturais e deportivas, cachés: 22.000,00 €

- Gastos de aloxamento. 4.000,00 €

- Estudos e traballos técnicos: 4.500,00 €

TOTAL: 30.500,00 €

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

### MEDIO AMBIENTE

#### PRP2021/0490

Dáse conta de comunicación do Eixo Atlántico no que participan que a candidatura presentado polo Concello de Vilagarcía de Arousa para a realización do proxecto "Apoio na contratación do servizo de recollida de residuos e limpeza viaria" foi aceptada.

O proxecto consisten en dúas tarefas:

Tarefa I.- Asesoramento final na totalidade dos pregos (técnicos e administrativos) antes de sometelo á aprobación do Pleno municipal do contrato de recollida de residuos e limpeza viaria.

Tarefa II.- Apoio e asesoramento no estudo das propostas que se remiten por parte das empresas que presenten ofertas

As labores do Eixo ecoloxía centraranse en labores de asesoramento previo á súa publicación e de actualización dos cálculos económicos, así como na axuda na valoración das ofertas presentadas. En ningún momento se responsabilizarán pola impugnación dos pregos por erros formais ou de contido.

O orzamento do proxecto será de 7.308,91 euros (IVE incluído) que será sufragado integramente polo Eixo Atlántico, non tendo o Concello que achegar ningunha participación. O tempo estimado do proxecto será de 198 horas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2021/0494**

Dáse conta da publicación no DOG do día 25 de xaneiro de 2021 por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza dunha Orde pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación ambiental para o ano 2021 destinadas a entidades locais de Galicia.

O artigo 3.1 da mencionada Orde establece que esta orde reguladora da convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental inclúe... a) convocatoria de subvencións de natureza NON COMPETITIVA, destinada a aqueles concellos de Galicia cuxo territorio municipal estea dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico e, igualmente, aos afectados pola correspondente instalación de conexión ou vía de evacuación, relacionados no anexo V da orde e que formulen:

a) petición de maneira individual.

No artigo 14.2 da Orde régúlase o orzamento máximo, importes máximos subvencionables e límite de subvención para gastos de funcionamento na liña en concorrencia non competitiva e establécese que “a cantidade máxima da subvención a tanto global por concello segundo esta orde, será a suma das cantidades establecidas no anexo V. En ningún caso o importe da subvención poderá superar o orzamento total das actuacións para as cales o concello solicita subvención”. Segundo o anexo V ao Concello de Vilagarcía de Arousa correspóndenlle un importe máximo de subvención total de 11.109,64 euros, (2.449,00 euros en función do nº de aeroxeradores instalados no seu término municipal, e 8.660,64 € como importe máximo subvención por liñas).

De acordo co establecido no artigo 4.2.a) da Orde “considéranse tamén gastos subvencionables os contratos de subministración para a adquisición de equipamentos, produtos, vehículos ou bens mobles.”

O artigo 4.4.e).2 establece como gasto subvencionable dentro da categoría de adquisición de vehículos “vehículos destinados a actuacións de protección do ambiente e do espazo natural”.

A actuación que se propón e a adquisición dun vehículo de traballo con tracción 4x4 para apoio dos traballos realizados polo servizo de medio ambiente dedicado a actuacións de protección do ambiente e do espazo natural.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar subvención na liña de CONCORRENCIA NON COMPETITIVA para a adquisición dun vehículo de traballo con tracción 4x4 para o servizo de medio ambiente deste Concello, por un importe aproximado de 18.109,64 € con aceptación das condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria da subvención, asumindo o Concello o importe non subvencionado, que se estima en 6.990,36 €, con cargo á partida 170.22699.

## **CULTURA**

#### **PRP2021/0188**

Vista a proposta da Consellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente a aluguer da exposición da Real Academia Galega de Belas Artes, titulada "Facer Camiño", que inclúe transporte, montaxe e desmontaxe, por un importe total de 423,50 € (IVE

incluído), a favor de A Forxa Producións SLU, con cargo á partida 334.22631.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/0547**

Dáse conta do contrato de doazón entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e D. Julio Manuel Díaz Losada, polo que o Sr. Díaz Losada dona ao Concello o lenzo de D. Antón Rivas Briones, sen título, de medidas 90x60 cm., pintado por ambas caras e perfectamente enmarcadas, unha delas representa a "unha queixeira nun mercado" e outra "unha chocallada do entroido", para a súa exposición nunha das dependencias dos edificios municipais, a determinar.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado contrato de doazón.

### **CONTRATACIÓN**

#### **PRP2021/0491**

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a D. Miguel Angel Fariñas Martín a redacción do proxecto técnico para execución de "Retranqueo de punto de conexión de Media Tensión LMTS de CT 400 DVA (Pretratamento deupuradora) e LMTS de CT 80 KVA (EDAR Vilagarcía de Arousa), na Rúa Valle Inclán, por un importe total de 2.057,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/0548**

Dáse conta da publicación no BOPPO de 17 de febreiro de 2021 da Modificación das Bases Reguladoras do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan concellos) 2021.(liña de axudas para os sectores máis afectados pola situación pandémica: hostalería, comercio, axencias de viaxes,...)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2021/0574**

Dáse conta do escrito presentado por Construcciones Ponciano Nieto SL, como adxudicatario da obra "Mellora do Camiño rural na Rúa Xiabre en Trabanca Sardiñeira", solicitando unha ampliación do prazo de execución de UN MES, ata o próximo 28 de marzo de 2021, debido á situación metereolóxica.

Visto o informe favorable do Director das Obras, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a prórroga solicitada ata o 28 de marzo de 2021.

#### **PRP2021/0589**

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar o proxecto técnico denominado "Mellora camiño Santa Mariña", redactado por enxeñeiro técnico don Óscar Álvarez González, cun importe de licitación (IVE engadido) de 109.498,95 €.
2. Solicitar a participación no Plan de Mellora de camiños municipais 2021-2022, convocado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, publicado no DOGA Número 27, de data 10 de febreiro de 2020.
3. Solicitar da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural o financiamento do proxecto denominado "Mellora de camiño en Santa Mariña", por importe de 42.887,00 € dos que 2.000,00 € se aplicarán para a contratación do servizo de control de calidade das obras executadas, segundo consta nas bases reguladoras da subvención.
4. O compromiso do Concello de aportar a cantidade non subvencionada, por un importe estimado 68.611,95€ con cargo ao orzamento municipal, no suposto de ser concedida a

subvención ao Concello.

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

### PRP2021/0497

Visto o expediente de gasto INT/2021/77 integrado pola relación de xustificantes F/2021/13 por importe de 17.764,05€.

Visto o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2021/13, por importe de 17.764,05€, coa seguinte desagregación:

REX.	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
F/2021/670	Emit- 210035	31/01/2021	968,00	ALVEGAL, S.L.	ALUGUER NISSAN NAVARA PICK UP DOBLE CABINA MATRICULA 9243LFX, PARA O SERVICIO DE VIAS PUBLICAS	453	204
F/2021/675	Rect-A 9921	20/01/2021	285,56	GRUPO MAYORISTA SANTORUM	Rect. A 9921 / GRASA NEGRA TUBO 400CC (x25) (ORDE DE COMPRA Nº : 10981 SERVIZO: CAMIÑOS VECIÑAIS - 454 MATRICULA E9962B	454	213
F/2021/676	Emit- 17811	15/01/2021	176,66	TECMAGA, S.L.	ALTERNADOR 1-2621-01LUALTERNADOR 1-2621-01LU ( ORDE DE COMPRA Nº 10938 ANO 2021 Reparación Pala E-9962-BBJ	454	213
F/2021/729	21 434	02/02/2021	3,84	AROSA DIESEL S.L.	TORICOS EJE ACELERADOR / JUNTA TAPA	453	214
F/2021/744	V 20210095	31/01/2021	9,08	MADERAS REDONDO, S.L.	J. CANTO PVC NEGRO LISO	334	22199
F/2021/745	V 20210096	31/01/2021	76,23	MADERAS REDONDO, S.L.	J. LAMINITE M-1076LP WENGUE MOZAMBIQU / TABLERO FIBRA GRIS AZULADO/BLANCO	920	22199
F/2021/747	V 20210099	31/01/2021	38,72	MADERAS REDONDO, S.L.	J. ABETO VIGAS LAMINADA	920	22199
F/2021/748	21 0000009	22/01/2021	220,66	CUEVAS, S.L.	Mano de Obra ( Fra. Nº 21/0000009 - OBRA: Reparación Mesa y Barandilla. Reparación de una mesa y la barandilla del coleg	320	212
F/2021/749	21 0000010	22/01/2021	74,73	CUEVAS, S.L.	Mano de Obra ( Fra. Nº 21/0000010 - OBRA: Reparación zócalos muebles cocina. Reparación de una mesa y la barandilla del	320	212
F/2021/768	Emit- 235	30/01/2021	28,56	INTERMACO, S.L.	BOLSA GECOL CEMENTO J.F ( ORDE DE COMPRA 10924 RESPONSABLE DE COMPRAS RICARDO PICHEL ) / CARTUCHO TOTALTECH TRANSPARENTE	320	212
F/2021/769	Emit- 236	30/01/2021	17,61	INTERMACO, S.L.	BOTE COLA PIEDRA 2 COMP. ( ORDE DE COMPRA 11010 RESPONSABLE DE COMPRAS ADRIAN VILAS )	920	212
F/2021/770	Emit- 237	30/01/2021	53,24	INTERMACO, S.L.	BOLSA CEMENTO RÁPIDO 10 kg ( ORDE DE COMPRA 11016 RESPONSABLE DE COMPRAS ADRIAN VILAS )	161	213
F/2021/772	Emit- 239	30/01/2021	103,46	INTERMACO, S.L.	KIT G MECANISMO ( ORDE DE COMPRA 10934 RESPONSABLE DE COMPRAS RICARDO PICHEL ) / PRESTO 605 GRIFO TEMP ( ORDE DE COMPRA	164	212
F/2021/773	Emit- 1781	15/01/2021	205,25	IBERICA DE REVESTIMIENTOS, S.L.	IBERSON PLUS IBERSON PL BLANCO / PNTLO-ESPATULA EMPLASTECER PREMIUM-12CM.BIMA 13005 / MIRKA-DISCOS ABRANET 225MM/G150 R-	334	212
F/2021/778	VL 28961	04/02/2021	153,80	ESPINA Y DELFIN, S.L.	REPARACIÓN DE AVERÍA EN IMPULSION DE SANEAMIENTO PVC-160 EN RUA AREALONGA 41-: REP. AVARIA IMPULSION SANEAMIENTO PVC-16	161	213
F/2021/788	TA 2100279	01/02/2021	1.038,07	TALLERES IGLESIAS, S.L.	S. REPARACION DEL VEHICULO FORD RANGER, SUSTITUIR PILOTOS TRASEROS. DIAGNOSTICAR FALLO ENCENDIDO. DESMONTAR CONJUNTO ANTIRR	454	214
F/2021/790	21 586	29/01/2021	825,49	AUTOMOCION JUNQUERA, S.L.	LA REPARACION DEL IVECO ML180E28 K , 5479 GJC, FECHA REPARACION 09.12.20 , ORDEN TALLER 594211 / ORDEN COMPRA 11030 ,	454	214



					FECHA		
F/ 2021/79 2	A 10006	03/02/20 21	45,74	GRUPO MAYORISTA SANTORUM	LAMPARA H7 24V ( ORDE DE COMPRA Nº : 10991 SERVICIO: Camiños veciñais - 454 MATRICULA 5479GJC Responsable de compras: ADR	454	214
F/ 2021/79 3	A 10007	03/02/20 21	63,53	GRUPO MAYORISTA SANTORUM	ESCOBILLA CAMION 700MM ( ORDE DE COMPRA Nº : 11003 SERVICIO: Camiños veciñais - 454 MATRICULA PO1813AU Responsable de com	454	214
F/ 2021/79 4	A 10008	02/02/20 21	175,74	GRUPO MAYORISTA SANTORUM	TRAPO BLANCO ALGODON FINO 5KG ( ORDE DE COMPRA Nº : 11004 SERVICIO: CARRETERAS - 453 REPARACION VEHICULOS REMOLQUES DE OB	453	213
F/ 2021/79 5	A 10011	04/02/20 21	12,83	GRUPO MAYORISTA SANTORUM	LAMPARA H4 12V 60/55W ( ORDE DE COMPRA Nº : 11040 SERVICIO: CARRETERAS - 453 MATRICULA 2338GHV Responsable de compras: RI	453	214
F/ 2021/79 6	21 0000011	01/02/20 21	227,40	CUEVAS, S.L.	Mano de Obra ( Fra. Nº 21/0000011 - OBRA: Reparación Galiña Azul Revisión y reparación efectuada en guardería Galiña Azu	323	212
F/ 2021/79 8	21 0000012	01/02/20 21	556,60	CUEVAS, S.L.	Materiales ( Fra. Nº 21/0000012 - OBRA: Planchas metacrilato 4mm para mamparas Covid-19. Suministro de 2 planchas de met	920	22199
F/ 2021/80 4	Emit- 103714	31/01/20 21	45,53	RODISA, S.L.	REPARACION VEHICULO PO1813AU / REF C1500 VALVULA METAL / MONTAJE RUEDAS / SACAR Y COLOCAR RUEDAS	454	214
F/ 2021/80 7	21 729	04/02/20 21	122,48	AUTOMOCION JUNQUERA, S.L.	REPARACION DEL MAN, PO-1813-AU, FECHA REPARACION 14.01.21 , ORDEN TALLER Nº 594895 / REVISAR PERDIDA DE HIDRAULICO, CAM	454	214
F/ 2021/81 0	21 362	02/02/20 21	51,59	SOBRINO G., S.A.	CINTA AISLANTE 20x19 NEGRA / COLLARÍN N- 4,8x370 B/100 / COLLARÍN N-4,8x430 B/100 / COLLARÍN N-8,8x770 B/50	453	213
F/ 2021/10 29	A 2021199201	20/01/20 21	63,51	GRUPO MAYORISTA SANTORUM	PILOTO TRASERO 5 FUNC. C/NIEBLA ( ORDE DE COMPRA Nº : 10973 SERVICIO: CARRETERAS - 453 REPARACION VEHICULOS/SUMINISTRO MA	453	213
F/ 2021/10 31	A 1:A:21/178	31/01/20 21	564,85	MULTISERVICIOS CONTUCHO, S.L.	LIMPIEZA DE COLECTORES (JORNADA DE TARDE / SERVICIO DE INSPECCIÓN DE COLECTORES - ?/HORA / DESPLAZAMIENTO DE CAMARA TV -	161	22700
F/ 2021/10 32	A 1:A:21/179	31/01/20 21	11.534,60	MULTISERVICIOS CONTUCHO, S.L.	LIMPEZA DE TUBAXES, SANEAMIENTO E BOMBEOS DA REDE / MUNICIPAL - MES DE ENERO DE 2021	161	22700
F/ 2021/10 37	21 363	02/02/20 21	20,69	SOBRINO G., S.A.	BROCA SDS PLUS 9x150x210 / VARILLA ROSCADA 975 8 INOX / TUERCA 934 8 INOX / ARANDELA PLANA 125 08 INOX / ANCLAJE QUÍMICO	320	212
		TOTAL	17.764,05				

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.